# MEMORIA DE ACTIVIDADES

# 2023



FEGADACE
FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

Edición: Federación Galega de Dano Cerebral

Data de publicación: marzo de 2023

DL: C 419-2024

Permítese a descarga e partilla deste documento,
respectando os termos da licenza: citación de fontes,
ausencia de lucro e partillas nas mesmas condicións.

# MEMORIA 2023

## FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

FEGADACE
FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

adaceco · Adace Lugo · Alento asociación de dano cerebral · DCA Ourense Asociación Dano Cerebral Adquirido · sarela Asociación de Dano Cerebral de Compostela

# ÍNDICE


**7.** A Federación Galega de Dano Cerebral

**10.** Actividades e programas das asociacións

**19.** Actividades e servizos de FEGADACE

**44.** Rendición de contas

**48.** Proxección e recoñecemento público

**55.** Material publicado

**57.** Traballo en rede

**60.** Entidades colaboradoras

# SAÚDO DO PRESIDENTE

Benqueridas amigas e amigos,
No momento de render contas do exercicio, quero salientar algunhas das cuestións que, na miña opinión, marcaron o 2023.

A primeira é o afianzamento do Proxecto Rumbo, unha iniciativa pioneira que contribuíu a mellorar a calidade de vida de ducias de persoas residentes no rural con necesidades de coidados, formación e inclusión sociocomunitaria até entón non cubertos polo sistema de atención.



En segundo lugar, a sinatura do concerto social e o proceso de aprobación por parte da Consellaría de Sanidade do PAI do dano cerebral en Galicia, no que nos involucramos fondamente, supuxo un avance importante na resposta ás demandas históricas do movemento asociativo, do que agardamos unha pronta implantación.

Un terceiro fito, no ámbito da mellora organizacional, foi a aprobación do II Plan de Igualdade, co que renovamos o compromiso co principio de igualdade de trato, oportunidades e a non discriminación de forma coherente tanto coa nosa misión como coa lexislación vixente.

Ademais, no relativo á cohesión asociativa, non me quero esquecer do encontro de familias celebrado en Santiago, un éxito do movemento que habemos repetir.

Estes e outro logros non serían posibles sen o apoio colectivo, en especial do equipo técnico. A todas e todos trasládovos o meu recoñecemento.

No 2024 continuaremos a traballar conxuntamente para superar os retos aínda pendentes.

Un cordial saúdo,



# A FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL

A Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE) é a entidade social que une, dinamiza e representa o movemento asociativo do dano cerebral en Galicia. Constituída en 2007 polas cinco asociacións de referencia (ADACECO, ADACE Lugo, Alento, DCA Ourense e Sarela), ten como obxectivo desenvolver a acción social, institucional e técnica precisa para acadar a autonomía e a mellora da calidade de vida das persoas con DCA e das súas familias.



# FEGADACE EN NOMES

## XUNTA DIRECTIVA

| | |
|---|---|
| **Presidencia** | Luciano Fernández Pintor |
| **Vicepresidencia** | Luísa Ramírez Nisa |
| **Secretaría** | Laura Abeledo Lameiro |
| **Tesourería** | Mario González Granja |
| **Vogalía** | Berta Delfina Feijoo Ferreiro |

## COMITÉ DE DIRECCIÓNS

| Adace Lugo | adaceco | Alento asociación de dano cerebral | DCA Ourense Asociación Dano Cerebral Adquirido | sarela Asociación de Dano Cerebral de Compostela |
|---|---|---|---|---|
| Iria Abel | Natalia de Llano | Gonzalo Mira | Noelia Luque | Rocío García |

## EQUIPO TÉCNICO

| | |
|---|---|
| **Dirección** | Begoña Hermida Val |
| **Xestión económica** | Adolfo M. González Rodríguez |
| **Xestión administrativa** | Natalia Regueiro Cerviño |
| **Comunicación** | Irene Cancelas Sánchez / Sara Alonso Rodríguez |
| **Traballo social** | Carla Miranda Iglesias |
| **Formación** | Leticia Vila Posada |
| **Educación social** | Andrea Cabarcos Alvariño / Tania Losada Figueroa |
| **Logopedia** | Alba Gómez Rodríguez / Noelia Rivadas López |
| **Terapia ocupacional** | Inés Mosquera Costa / Marta García Alende |



# FEGADACE EN CIFRAS

| | Persoas socias | Socias con DCA | Voluntariado | Profesionais |
|---|---|---|---|---|
| ADACE | 245 | 112 | 2 | 10 |
| ADACECO | 490 | 301 | 1 | 36 |
| Alento | 287 | 92 | 0 | 53 |
| DCA-Ourense | 285 | 147 | 4 | 14 |
| Sarela | 922 | 825 | 20 | 35 |
| FEGADACE | - | - | - | 12 |
| TOTAL | 2229 | 1477 | 27 | 160 |

**EVOLUCIÓN RESPECTO A 2022**

- 105 novas persoas socias
- 122 novas persoas socias con DCA
- 21 persoas voluntarias menos
- 2 profesionais menos



# ACTIVIDADES E PROGRAMAS DAS ASOCIACIÓNS

As cinco asociacións integradas en FEGADACE (ADACECO, ADACE, Alento, DCA-Ourense e Sarela) prestan un labor imprescindible na atención terapéutica especializada para persoas con DCA e as súas familias. A través dun modelo de rehabilitación interdisciplinar, baseado no enfoque do Imserso, ofrecen servizos e programas nas áreas da recuperación funcional, autonomía persoal, inclusión social e orientación e apoio ás familias.



# BENESTAR FÍSICO

**ATENCIÓN TERAPÉUTICA ESPECIALIZADA**

## OBXECTIVOS

O programa busca a recuperación da máxima autonomía persoal e a calidade de vida das persoas con DCA. A meta concrétase en:

- Favorecer o benestar físico das persoas con DCA, potenciando e preservando as súas capacidades e previndo o seu deterioro a través dos servizos atención fisioterapéutica.
- Proporcionar atención específica para a recuperación cognitiva das persoas con DCA a través de intervencións especializadas en neuropsicoloxía.

## ACTIVIDADES

- Deseño e implementación dos Plans Individualizado de Atención (PIA) para cada persoa participante no programa.
- Sesións terapéuticas individuais e/ou grupais de estimulación físico-motriz e/ou estimulación cognitiva-sensorial.
- Avaliación do cumprimento de metas de recuperación física e/ou cognitiva de cada PIA ao final do período de intervención.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS

Execución desde xaneiro a decembro

Equipo de profesionais de fisioterapia e neuropsicoloxía

5 persoas voluntarias

Poboación beneficiaria de 59 localidades

Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

401 persoas usuarias directas





# DESENVOLVEMENTO PERSOAL

**ATENCIÓN TERAPÉUTICA ESPECIALIZADA**

## OBXECTIVOS

O programa busca a recuperación da máxima autonomía persoal e a calidade de vida das persoas con DCA. A meta concrétase en:

- Favorecer a recuperación das funcións relacionadas coa esfera comunicativa e da alimentación das persoas con DCA mediante a intervención logopédica.
- Potenciar as capacidades preservadas e a recuperación das perdidas susceptibles de mellora na realización de actividades da vida diaria a través de terapia ocupacional.

## ACTIVIDADES

- Intervención logopédica para a mellora da disfaxia e secuelas que afecten aos trastornos pragmáticos da comunicación, da disartria e/ou das afasias, así como á alimentación.
- Sesións individuais e/ou grupais de terapia ocupacional para recuperar a autonomía en actividades da vida diaria segundo as necesidades da persoa.
- Valoración e asesoramento á persoa con DCA e á súa familia na selección de adaptacións persoais e axudas técnicas, así como entrenar no seu uso.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS

Execución desde xaneiro a decembro

Equipo de profesionais de logopedia e terapia ocupacional

6 persoas voluntarias

Poboación beneficiaria de 59 localidades

Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

374 persoas usuarias directas





# RELACIÓNS INTERPERSOAIS

**LECER, INCLUSIÓN E PARTICIPACIÓN COMUNITARIA E SOCIAL**

## OBXECTIVOS

O programa busca promover a inclusión social, o desenvolvemento comunitario e o exercicio do dereito de participación social das persoas con DCA. Esta meta concrétase en:

- Mellorar as habilidades sociais e de desenvolvemento comunitario das persoas con DCA, fortalecendo o seu benestar social e interpersoal.
- Potenciar relacións persoais e sociais saudables e positivas nas persoas con DCA, mellorando a súa autoestima e calidade de vida.

## ACTIVIDADES

Actividades comunitarias, de lecer, inclusión social e cidadanía activa, seleccionadas entre as persoas usuarias e as profesionais encargadas do programa, no deseño dos respectivos PIAs, que inclúen: (i) accións formativas (individuais e/ou grupais) no manexo de TICs, habilidades sociais etc; (ii) obradoiros (repostaría, laborterapia, música, carpintaría...); (iii) deporte adaptado e inclusivo (boccia, andainas, nado...) e (iv) actividades de lecer fóra dos centros de atención (teatro, cine, espectáculos, museos...).

## EXECUCIÓN E RESULTADOS

Execución desde xaneiro a decembro

Equipo de profesionais de educación e integración social, auxiliares e técnicas/os deportivos

9 persoas voluntarias

Poboación beneficiaria de 58 localidades

Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

188 persoas usuarias directas





# BENESTAR MATERIAL

**INFORMACIÓN E APOIO A PERSOAS CON DCA E FAMILIAS**

## OBXECTIVOS

O programa busca ofrecer continuidade asistencial trala alta hospitalaria a persoas con DCA e familias. A meta concrétase en:

- Apoderar ás familias e persoas coidadoras no proceso de atención ás e /ou aos seus familiares con DCA a través do apoio e asesoramento de profesionais de traballo social.
- Proporcionar recursos informativos para a inclusión social, mediante asesoramento de tramitacións de discapacidade e dependencia, co apoio de traballo social.

## ACTIVIDADES

Accións de acollemento, orientación, asesoramento e capacitación como:

- Sesións individuais e/ou grupais na fase de intervención familiar con apoio de traballo social en trámites e xestións, busca de recursos, asesoramento legal e xurídico...
- Actividades formativas e informativas con familias e poboación xeral en espazos sociocomunitarios a través de sesións en puntos informativos e en espazos como escolas, servizos sociais municipais, locais veciñais etc.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS

Execución desde xaneiro a decembro

Equipo de profesionais de traballo social, educación social, psicoloxía e neuropsicoloxía

4 persoas voluntarias

Poboación beneficiaria de 58 localidades

Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

881 persoas usuarias directas



# BENESTAR EMOCIONAL




## ATENCIÓN, INTERVENCIÓN E APOIO PSICOLÓXICO

## OBXECTIVOS

O programa busca favorecer o proceso adaptativo tralo DCA. Esta meta concrétase en:

- Apoderar ás familias e persoas coidadoras para o proceso de atención da persoas con DCA a través do acompañamemento e a intervención psicolóxica, asegurando un bo estado emocional da contorna familiar e comunitaria na definición do proxecto de vida.
- Incrementar o coñecemento social do DCA mediante a realización de actividades de capacitación e información coas familias e principais grupos de risco poboacional.

## ACTIVIDADES

- Sesións individuais e/ou grupais para a atención psicolóxica de familias.
- Accións formativas e informativas para familias, persoas coidadoras e poboación xeral impartidas por profesionais de psicoloxía sobre pautas de intervención sociais, sanitarias, legais e outra información especializada.
- Actividades de ocio e/ou doutro tipo para a redución da sobrecarga emocional para familias e persoas coidadoras.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS

Execución desde xaneiro a decembro

Equipo de profesionais de psicoloxía

0 persoas voluntarias

Poboación beneficiaria de 57 localidades

Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

340 persoas usuarias directas





# MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE

**SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO**

## OBXECTIVOS

O programa consiste en prestar un servizo de transporte adaptado ás persoas con DCA con mobilidade reducida e en situación de alta dependencia e/ou de emerxencia social para contribuír á súa autonomía e calidade de vida a través da garantía da accesibilidade universal, facilitando o desprazamento aos servizos terapéuticos para recibir tratamentos de rehabilitación ou outras intervencións, así como para poder participar nos programas de inclusión social das entidades.

## ACTIVIDADES

- Traslados diarios de ida e volta desde os domicilios das persoas usuarias aos centros das asociacións ou espazos comunitarios a través de empresa provedora externa, de servizo propio ou doutras modalidades como o desprazamento familiar.
- Realizar os desprazamentos de persoas usuarias e familias para participar en actividades de ocio e na comunidade que se organicen desde a entidade.
- Accións propias da organización loxística e coordinación do servizo.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS

Execución desde xaneiro a decembro

Condutoras/es e auxiliares de apoio no transporte, propios ou subcontratados

0 persoas voluntarias

Poboación beneficiaria de 38 localidades

Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

119 persoas usuarias directas





# ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS

**FORTALECEMENTO ESTRUTURAL DOS RECURSOS DE ATENCIÓN**

## OBXECTIVOS

O programa busca mellorar a calidade de vida das persoas con DCA. A meta concrétase en:

- Incrementar a equidade, acceso e calidade dos coidados coa dotación de tecnoloxías, medios técnicos e equipamentos en toda a rede de centros de atención terapéutica ambulatoria, diúrna e residencial, así como nos servizos de apoio.
- Aumentar a capacidade estrutural da federación e das súas asociacións dotándoas de equipamentos que melloren a configuración de espazos terapéuticos e polivalentes.

## ACTIVIDADES

- Adquisición de sistema antiincendios, mobiliario e estruturas para acondicionar os espazos onde se levan a cabo sesións terapéuticas e de ocio.
- Dotación de materiais terapéuticos especializados para neurorrehabilitación en DCA.
- Compra de equipamentos informáticos adaptados.
- Adquisición de mobiliario articulado e terapéutico para centro residencial e de día.
- Mellora e reacondicionamento de equipos de piscina.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS

Execución desde xaneiro a decembro

Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

1.480 persoas usuarias directas



# EXECUCIÓN DE OBRAS

**FORTALECEMENTO ESTRUTURAL DOS RECURSOS DE ATENCIÓN**

## OBXECTIVOS

O programa busca contribuír á mellora da calidade de vida da poboación galega con DCA, incrementando a equidade, acceso e calidade dos coidados. A meta concrétase en:

- Expandir e mellorar a rede de centros de atención terapéutica ambulatoria, diúrna e residencial da área sanitaria de Santiago de Compostela.
- Facilitar a conciliación e respiro das familias co aumento de recursos especializados de atención sociosanitaria, coidado e neurorrehabilitación na área sanitaria de Santiago.

## ACTIVIDADES

A ampliación do centro de atención de Sarela busca responder ao crecemento exponencial da entidade nos últimos anos, consecuencia do incremento no número de persoas usuarias así como das novas necesidades detectadas no eido do DCA. Durante o 2023, cubríronse os custos relacionados coa primeira fase da obra, consistente na realización do proxecto básico e de execución e o proxecto de instalación da futura construción de novas instalacións, que permitirán a reorganización do servizo de atención ambulatoria.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS

Execución desde xaneiro a decembro

Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

240 persoas usuarias directas





# ACTIVIDADES E SERVIZOS DE FEGADACE

A Federación Galega de Dano Cerebral  coordina e representa as súas cinco asociacións e desenvolve actividades e proxectos nas áreas de información e sensibilización, formación, investigación e divulgación do coñecemento, participación cidadá e dereitos, ocio inclusivo, incidencia política, fortalecemento institucional e cohesión asociativa. Asemade, desde 2022 presta servizos sociosanitarios de proximidade.




# INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

## OBXECTIVOS

Esta liña de acción busca:

- Incrementar o coñecemento social sobre a realidade do DCA mediante a realización de actividades de promoción da saúde, culturais e deportivas para a sociedade galega.
- Mellorar a identificación, diagnose precoz e tratamento dos factores de risco, causas e secuelas do DCA a través de accións divulgativas e informativas dirixidas ao ámbitos comunitario, empresarial, educativo e sociosanitario, con especial foco no SAF.

## ACTIVIDADES

- Ciclo 'Visións sobre o DCA no cinema'.
- Carreira/andaina solidaria 'Camiñando polo DCA'.
- Charlas informativas para diversos perfís poboacionais e obradoiros para público infantil.
- Exposición 'Punto e seguido. A vida despois do dano cerebral adquirido'.
- Punto informativo mensual no Hospital do Salnés e en actividades puntuais.
- Campaña de sensibilización 'Non se pode previr o que non se coñece'.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS

Execución desde xaneiro a decembro

2.200 persoas usuarias directas

Equipo de profesionais de traballo social, educación social e comunicación

Poboación beneficiaria de 50 localidades

Colaboración con 34 axentes públicos e 28 axentes privados

Fondos de TRAGSA, convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social



## 1. CICLO 'VISIÓNS SOBRE O DCA NO CINEMA'

Proxeccións e coloquios de análise en 6 sesións organizadas en colaboración co CDR O Viso e o Concello de Lalín.

Execución desde xullo a outubro

Potenciar o coñecemento sobre o DCA a través do cinema

Poboación beneficiaria de Lalín e 5 localidades da Limia

55 persoas participantes

Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social










## 2. CARREIRA/ANDAINA SOLIDARIA 'CAMIÑANDO POLO DCA'

Actividade deportiva solidaria organizada en colaboración co Concello de Lalín e o apoio de 17 empresas privadas.

2 de xullo

Visibilización do DCA e promoción do deporte como un hábito de vida saudable para a prevención do ictus

Poboación beneficiaria da comarca de Lalín e outros puntos de Galicia

220 persoas participantes

Fondos da Convocatoria de IRPF e do Convenio nominativo da Consellaría de Política Social

## 3. SENSIBILIZACIÓN INFANTIL COA INICIATIVA 'OS BOLECHAS'

Obradoiros didácticos dirixidos a público de primaria e infantil baseados no conto *Mireia conta que é o dano cerebral.*

Execución desde xaneiro a decembro

Información sobre o DCA e fomento do respecto para unha sociedade diversa e inclusiva

Poboación beneficiaria de 22 centros educativos, CDR O Viso e Lalín

1.291 persoas participantes

Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social





## 4. CHARLAS E OBRADOIROS PARA DIVERSOS PERFÍS POBOACIONAIS

Sesións realizadas en colaboración con asociacións de mulleres rurais, Afundación, empresas e servizos sociais municipais.

Execución desde xaneiro a decembro

Abordaxe multidimensional do DCA (causas, factores de risco, secuelas, necesidades de atención e recursos existentes)

Poboación beneficiaria de 29 localidades

634 persoas participantes

Fondos da Convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

- Charlas dirixidas á poboación xeral, con especial foco en maiores de 50 anos
- Charlas dirixidas á poboación xeral, con especial foco na muller do ámbito rural
- Charlas dirixidas ao ámbito empresarial
- Charlas dirixidas á poboación usuaria dos Espazos +60 de Afundación e outras asociacións de persoas maiores

## 4.1. Maiores de 50 anos

Execución desde xaneiro a decembro

Poboación beneficiaria de 10 localidades

126 persoas participantes



## 4.2. Mulleres rurais

Execución desde xullo a outubro

Poboación beneficiaria de 10 localidades

188 persoas participantes



## 4.3. Tecido empresarial

Execución desde xullo a decembro

Poboación beneficiaria do grupo empresarial INASUS (Lalín)

21 persoas participantes



## 4.4. Espazos+60 Afundación

Execución desde outubro a novembro

Poboación beneficiaria de 10 localidades

299 persoas participantes





## 5. MOSTRA ‘PUNTO E SEGUIDO. A VIDA DESPOIS DO DCA’

Exposición fotográfica e audiovisual itinerante que iniciou a súa andadura en 2018.

- Execución desde febreiro a decembro
- Incrementar o coñecemento sobre a realidade do DCA
- Poboación beneficiaria de 15 localidades
- Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

## 6. CAMPAÑA ‘NON SE PODE PREVIR O QUE NON SE COÑECE’

Acción de sensibilización realizada en colaboración con RENFE con motivo do Día Nacional do Dano Cerebral Adquirido.

- Execución desde o 16/10 a 06/11/2023
- Concienciar sobre as secuelas invisibles do dano cerebral
- Poboación beneficiaria das liñas de tren A Coruña-Santiago-Vigo e A Coruña-Santiago-Ourense
- Fondos do convenio nominativo da Consellaría de Política Social






## 7. PUNTO INFORMATIVO NO HOSPITAL DO SALNÉS

Espazo de información e asesoramento sobre aspectos sociosanitarios ou legais dirixido a persoas hospitalizadas con DCA.

Execución desde febreiro a decembro co establecemento do punto dúas veces ao mes

Ofrecer apoio e orientación a persoas e familias en fase aguda

Poboación beneficiaria usuaria do Hospital do Salnés

Fondos da convocatoria de IRPF da Consellaría de Política Social

## 8. MESA INFORMATIVA NA XORNADA DE BENVIDA DA UDC

Posto informativo instalado durante a xornada de benvida ao novo alumnado da Universidade da Coruña.

Execución o 21/09/2023

Dar a coñecer o movemento asociativo entre o estudantado da Universidade da Coruña

Alumnado beneficiario do Campus Industrial de Ferrol

Fondos da convocatoria de IRPF da Consellaría de Política Social





# FORMACIÓN EXTERNA E INTERNA

## OBXECTIVOS

Esta liña de acción busca:

- No plano interno, impulsar espazos de traballo conxunto para o intercambio de boas prácticas sobre metodoloxías de intervención novidosas e a homoxeneización de procesos e implantar plans de formación para persoal técnico de entidades e Federación.
- No plano externo, fomentar a investigación público-privada e desenvolver proxectos para mellorar a calidade de vida das persoas con DCA e divulgar a realidade da discapacidade.

## ACTIVIDADES

- Accións formativas co persoal laboral das asociacións e da Federación.
- Accións para mellora das competencias dixitais e autonomía persoal das persoas con DCA e famillias do movemento asociativo.
- Formacións presenciais e/ou telemáticas para persoas con DCA, familias, profesionais do SERGAS, do servizo de axuda no fogar e outros perfís sociosanitarios.
- Sesión formativas sobre DCA dirixidas a empresas privadas.

## EXECUCIÓN E RESULTADOS

Execución desde xaneiro a decembro

22 formacións, entre executadas e nas que se participa

14 formacións internas e 8 externas

14 en modalidade online e 8 en presencial

Colaboración con 4 axentes públicos e 5 axentes privados

1.106 inscricións nas formacións



## ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EXTERNA

### 1. APOIO NO FOGAR DE PERSOAS CON DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

O curso ten como obxectivo capacitar ao persoal responsable da atención e coidado no fogar de persoas con DCA para a súa atención específica.

Modalidade telemática

Execución en marzo, abril e xullo

2 edicións de 18 h de duración

154 persoas inscritas

Fondos da convocatoria de IRPF da Consellería de Política Social

Modalidade presencial

Execución desde marzo a novembro

13 edicións de 8 h de duración en colaboración coa Escola Galega de Saúde para Cidadáns

264 persoas inscritas

Fondos de Proxecto Rumbo, La Caixa e convocatoria de IRPF da Consellaría de Política Social

### 2. SEXUALIDADE E DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

O curso ten como meta capacitar e formar a diversos perfís profesionais na abordaxe da sexualidade en persoas con DCA.

Modalidade telemática

Execución desde abril a novembro

4 edicións de 50 h de duración

163 persoas inscritas

Fondos da convocatoria de IRPF da Consellería de Política Social

### 3. ALFABETIZACIÓN DIXITAL

O curso ten como obxectivo reducir a fenda dixital das persoas e familias con DCA que participan no Proxecto Rumbo.

Modalidade presencial

Execución durante todo o ano

1 edición

7 persoas inscritas

Fondos do Proxecto Rumbo

## 4. HUMANIZANDO AS ACTUACIÓNS CON PERSOAS E FAMILIAS CON DCA

Curso de sensibilización en boas prácticas para profesionais do SERGAS sobre a atención ás persoas e familias con DCA.

Modalidade telemática

Execución en maio e novembro

2 edicións de 4 h de duración cada unha impartidas por ADACECO, Alento, DCA-Ourense e Sarela

163 persoas inscritas

Organizado e financiado pola ACIS

## 5. ALIMENTACIÓN, DEGLUTICIÓN E NUTRICIÓN. ABORDAXE DESDE O DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

O curso busca proporcionar información especializada e técnicas compensatorias e de tratamento na materia.

Modalidade telemática

Execución en decembro

1 edición de 50 h de duración

31 persoas inscritas

Fondos da convocatoria de IRPF da Consellería de Política Social

## 6. INNOVACIÓN NOS SERVIZOS DE ATENCIÓN AO DCA

Xornada de presentación das prácticas de atención prestadas no Proxecto Rumbo a alumnado de Terapia Ocupacional da UDC.

Modalidade presencial

Execución o 17/10/2023

1 edición de 3 h de duración impartida coa colaboración de ADACECO

28 participantes

Fondos do Proxecto Rumbo

## 7. APROXIMACIÓN SOCIAL E NUTRICIONAL AO DCA

O curso busca dotar á poboación de ferramentas para afrontar as secuelas na alimentación causadas polo DCA.

Modalidade presencial

Execución o 20 e 21/09/2023

1 edición de 5 h de duración organizada en colaboración coa Facultade de Ciencias da USC

15 persoas inscritas

Fondos do Proxecto Rumbo


FEGADACE
apoio e axuda despois do dano cerebral adquirido


Tema 1: Detección do Dano Cerebral
FEGADACE








FEGADACE

## ACTIVIDADES DE FORMACIÓN INTERNA

### 1. O NOVO BAREMO DA DISCAPACIDADE

O curso ten como meta abordar o impacto no eido do DCA das novidades do novo baremo de discapacidade.

- Modalidade telemática
- Execución o 15/03/2023
- 1 edición de 2 h de duración impartida por Javier Zugasti Moriones
- 32 profesionais de FEGADACE e 22 persoas externas inscritas
- Organizado por FEGADACE con fondos do Proxecto Rumbo

### 2. ASISTENCIA PERSOAL

O curso ten como meta dotar de información teórico e práctica na profesión de asistencia persoal especializada no DCA.

- Modalidade telemática
- Execución do 22/03 ao 31/05/2023
- 1 edición de 50 h de duración impartida por Aurora Carbonell e Josep Cotano
- 22 persoas inscritas (8 de FEGADACE e 14 das entidades)
- Organizado por FEGADACE e Enclave Social con Fondos do Proxecto Rumbo

### 3. SEXUALIDADE E DANO CEREBRAL ADQUIRIDO

O curso ten como meta capacitar e formar a diversos perfís profesionais na abordaxe da sexualidade en persoas con DCA.

- Modalidade telemática
- Execución desde o 19/12/2022 ao 07/02/2023
- 1 edición de 50 h de duración
- 38 profesionais das asociacións inscritas
- Fondos do Proxecto Rumbo

### 4. ENCONTRO FORMATIVO DE PROFESIONAIS

Sexta edición do encontro dos equipos profesionais da Federación, titulada 'Os ODS no movemento asociativo do DCA'.

- Modalidade presencial
- Execución o 27/05/2023
- Xornada de 4 h de duración impartida por Anthesis Lavola e Xurxo Mariño
- 64 profesionais de FEGADACE e as asociacións inscritas
- Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

## 5. DESA E SOPORTE VITAL BÁSICO

O curso ten como meta capacitar para dar soporte vital básico e usar o desfibrilador semiautomático en casos de emerxencia.

- Modalidade presencial
- Execución en setembro
- 5 sesións impartidas por ASC Bombeiros de Galicia
- 47 profesionais de FEGADACE e das asociacións inscritas
- Fondos do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

## 6. OBRADOIRO DE HIXIENE ORAL PARA PERSOAS CON DCA

Coñecer os principais problemas de saúde oral que presentan as persoas con DCA e os mecanismos para a súa prevención.

- Modalidade presencial
- Execución desde novembro de 2022 a xuño de 2023
- 4 obradoiros impartidos por profesionais da Facultade de Odontoloxía da USC
- 60 persoas con DCA, familias e profesionais
- Fondos da convocatoria de IRPF e do convenio nominativo da Consellaría de Política Social

## 7. OUTROS CURSOS DE FORMACIÓN INTERNA

Recompilación de cursos de capacitación realizados polo equipo técnico da Federación.

| Curso | Detalles |
|---|---|
| Deseño, xestión e xustificación de proxectos sociais | Modalidade telemática - 105 h<br>Participan 2 profesionais<br>Organiza: Enclave Social |
| Xestión orzamentaria, contable e fiscal dunha ONG | Modalidade telemática - 110 h<br>Participa 1 profesional<br>Organiza: Enclave Social |
| Comunicación e xestión de redes sociais para ONG | Modalidade telemática - 110 h<br>Participa 1 profesional<br>Organiza: Enclave Social |
| Electroestimulación como ferramenta logopédica | Modalidade telemática - 7 h<br>Participan 2 profesionais<br>Organiza: Kursia.es |
| Novo marco xurídico da discapacidade: o papel da neuropsicoloxía | Modalidade telemática - 4,5 h<br>Participan 8 profesionais<br>Organiza: AMNP e outras entidades |
| Modelo de atención ao dano cerebral adquirido | Modalidade telemática - 20 h<br>Participa 1 profesional<br>Organiza: CEADAC |
| Profesionalización para directivas de ONG | Modalidade presencial - 42 h<br>Participan 2 profesionais<br>Organiza: Barrié Más Social |
| O modelo do sistema público de servizos sociais desde o traballo social | Modalidade presencial - 7,5 h<br>Participa 1 profesional<br>Organiza: COTSG |






OBJETIVOS
DE DESARROLLO
SOSTENIBLE


¿PREGUNTAS?
FEGADACE
apoio e axuda
despois do dano
cerebral adquirido







# INVESTIGACIÓN

## OBXECTIVOS

Esta liña de acción busca mellorar o coñecemento e a atención ao DCA través do impulso de programas e proxectos innovadores. A meta concrétase en:

